

Programa Económico

XV CONGRESO PCG



Comité Nacional do Partido Comunista de Galicia



Índice

PROGRAMA ECONÓMICO XV CONGRESO PCG.....	3
I. INTRODUCCIÓN.....	3
a. A estrutura económica da Galicia do século XXI.....	3
b. O rol das propostas económicas na acción política do partido.....	3
II. O FORTALECIMENTO DOS SECTORES PRODUTIVOS ESTRATÉXICOS EN GALICIA.....	3
a. O sector industrial.....	3
b. O sector forestal.....	6
c. O sector enerxético.....	7
d. Sector primario.....	8
e. Unha investigación dirixida a potenciar os nosos sectores estratéxicos.....	9
f. Un sector financeiro ao servizo dos sectores produtivos.....	10
III. A FORZA DE TRABALLO EN GALICIA.....	12
a. Facer fronte á desertización demográfica e a baixada da poboación activa.....	12
b. Vivenda e condicións de vida e traballo da clase obreira en Galicia.....	13



PROGRAMA ECONÓMICO XV CONGRESO PCG

I. INTRODUCCIÓN

a. A estrutura económica da Galicia do século XXI

A análise da estrutura económica recollida nas teses do XV Congreso ofrecen o panorama no que inserir este programa. A modo de resumo das conclusións recollidas nese apartado, Galicia amosa unha estrutura económica na que a situación da contradición capital-traballo no centro é indiscutible. Como a meirande parte de economías desenvolvidas ten un sector servizos dominante e en ascenso. Pese a todo, Galicia ten un sector primario algo máis desenvolvido que a media española e un sector terciario menos dominante. Ademais, a especialización do sector servizos galego céntrase naquelas actividades económicas máis febles, nas que os salarios son máis baixos. Por outra banda, Galicia presenta importantes diferenzas entre o eixe atlántico e Lugo/Ourense, así como entre as grandes cidades e as pequenas cidades e vilas.

b. O rol das propostas económicas na acción política do partido

O programa económico do Partido non é un programa político usual. Non se centra nas prioridades de traballo político senón que trata de ofrecer unha descrición da situación do país e de posibles melloras na estrutura económica. A prioridade do Partido non é a de formular propostas concretas de mellora de certos sectores, senón a de elaborar unha estratexia de intervención na realidade social, fundamentalmente laboral, de Galicia para incrementar a conciencia da clase obreira nas necesidades de se organizar e na loita polo seu benestar e a consecución do socialismo.

Este documento complementa esa prioridade ofrecendo unha serie de propostas que poden interpretarse na liña de dous grandes obxectivos: a planificación e a soberanía económica, neste caso dentro dos marcos do capitalismo. Son por tanto propostas de oposición e non de goberno, e están limitadas polas propias tendencias do capitalismo. Por tanto, non se debe caer no risco de presentalas como alternativa ao capitalismo, nin no de desprazar a clarificación da necesidade do socialismo como fundamento do traballo do Partido.

II. O FORTALECIMENTO DOS SECTORES PRODUTIVOS ESTRATÉXICOS EN GALICIA

a. O sector industrial

A industria galega representa unha baixa porcentaxe do PIB nacional (18%). Ademais, dependendo dos sectores, esta industria sofre diversos problemas: (i) os sectores transformadores dependen de decisións e tecnoloxía establecidas no estranxeiro, (ii) certos sectores nos que a nosa materia prima destaca teñen unha baixa participación na industria transformadora (e.g., industria do granito e industria forestal), (iii) dependencia da exportación de produtos con escaso valor engadido ou (iv) peso excesivo de PEMEs en sectores nos que se esixe maior capacidade innovadora.

A solución pasa pola conformación dun conglomerado de empresas públicas desenvolvidas en sectores estratéxicos. Estas empresas deberán ser dinámicas (dirixidas a sectores cunha alta importancia da innovación), integradoras (capaces de crecer vertical e horizontalmente, incorporando todas as fases da produción) e sostibles. Ademais, este conglomerado terá que xurdir aproveitando as potencialidades do país e as infraestruturas existentes.

Este programa céntrase en dous sectores con potencialidades específicas en Galicia. Déixanse de lado outros sectores relevantes no país como o téxtil e o do automóbil, que ben poderían ser obxecto de avaliación máis detallada.

1. Un primeiro sector no que desenvolver unha empresa pública é o da **producción de alumina e aluminio**, aproveitando a infraestrutura de San Cibrao e Coruña. Este polo beneficiaríase das medidas contidas neste documento en materia de enerxía, abaratando custos de produción. Esta proposta entronca coas reivindicacións do sector, privatizado coa venda de INESPAL a Alcoa no ano 1997. O sector debería fortalecerse coa esixencia de que os beneficios e axudas públicas recibidos por Alcoa sexan restituídos unha vez a multinacional estadounidense decide abandonar o país. O aumento da produción de aluminio beneficiaría o país e España, xa que o 80% do consumo español de aluminio depende de material importado.

2. Un segundo sector industrial a desenvolver é o **sector naval**. En Galicia estamos tristemente familiarizados cos efectos que a reconversión industrial esixida pola Comunidade Europea tivo neste sector. A aposta neste eido pasa pola diversificación, a concentración das industrias auxiliares e matrices, a planificación conxunta e o desenvolvemento en investigación e innovación. Os polos de Ferrol e Vigo serán fundamentais para dinamizar non só o propio sector naval, senón tamén para aproveitar o desenvolvemento deste sector de xeito que ámbitos produtivos adxacentes se beneficien das melloras tecnolóxicas na produción.

O sector naval debe tratar de fuxir do modelo de “fábrica de ensamblaxe” no que se asenta, incorporando de forma coherente e planificada as industrias auxiliares tanto na produción das pezas requiridas como no fortalecemento e mellora dos medios e técnicas de produción que impulsen o sector.

O sector naval deberá abandonar o monocultivo existente na área de Ferrol, expandíndose máis alá do sector militar e aproveitando as instalacións para a construción e reparación de grandes buques. As características que deberá ter este sector son as seguintes:

- Diversificación na produción, incluíndo a produción de buques, a reparación e todas aquelas actividades produtivas que poidan empregar a máxima capacidade das instalacións existentes.
- Apoio do sector financeiro público dirixido ao perfeccionamento e actualización dos modos de produción, aproveitando os novos coñecementos en materiais, robótica, automatización e novas tecnoloxías. Estes avances, ademais, deberán ser aproveitados por outros sectores nos que tamén se poidan aplicar os novos coñecementos adquiridos.
- Plan de fomento da I+D tamén dirixido á industria auxiliar e PEMES arredor do sector naval.
- Plan de formación do cadro de persoal do sector, asegurando o coñecemento actualizado das máis novidasas técnicas no sector.

A concentración do capital no eido naval, así como o apoio ofrecido por outros sectores recollidos neste documento (financeiro, investigador) permitirían fortalecer a economía



de estala, a cooperación entre empresas do conglomerado, e asegurarían a máis óptima cooperación entre industria matriz, industrias auxiliares e polos de innovación.

3. **O conglomerado do sector naval deberá apoiarse nun observatorio tecnolóxico** que garanta a cooperación e seguimento dos desenvolvementos tecnolóxicos, favorecendo o deseño de novos produtos e evitando a dependencia de deseños estranxeiros. Este punto deberá estar especialmente coordinado coas propostas relativas ao polo galego de investigación, desenvolvemento e innovación.

4. Outra medida esencial será a **cooperación no eido das compras, contratación e márketing**. Deste xeito, aproveitaranse as vantaxes marxinais da compra conxunta, esenciais en proxectos de gran escala. Tamén se asegura un traballo conxunto na inclusión das diversas empresas e produtos nos mercados internacionais.

5. A creación dun conglomerado de empresas do sector naval debe **promocionar o deseño e produción de buques en serie**, aproveitando a cooperación e as facilidades que ofrecería esta forma de producir.

6. Dentro do deseño e produción de diversos tipos de buque o sector naval debera explorar a pertinencia de certas mercadorías especialmente beneficiosas:

- **Buques especializados na minería mariña.** Introducirse de forma temperá neste sector permitirá ter unha vantaxe e liderar a produción de buques respectuosos co medio ambiente nunha actividade altamente perigosa. Isto será esencial para poder manter as potencialidades da costa galega no eido da pesca. Trátase, por tanto, dun sector que esixirá un alto desenvolvemento tecnolóxico para facer fronte ás potenciais ameazas.
- **Buques factoría para o procesamento de residuos mariños.** As esixencias ecolóxicas de control de residuos mariños requiren do desenvolvemento de naves capaces de desenvolver unha tarefa de reciclaxe en condicións complexas. De novo, estas tarefas son esenciais para potenciar tamén o sector pesqueiro, asegurando a retroalimentación dos sectores naval e pesqueiro. O polo tecnolóxico-naval e o eido da investigación poderán desenvolver actividades conxuntas dirixidas a deseñar os buques de reciclaxe mariña do futuro.
- **Buques oceanográficos de investigación**, sobre todo no eido do coidado do medio ambiente. De novo, este tipo de buques fortalecerán o sector pesqueiro.
- **Buques especializados na acuicultura de alta mar.**
- **Buques de obra civil costeira.**

7. Como política complementaria **Galicia debería establecerse como punto nodal do denominado *short sea shipping*** e o sistema de cabotaxe europeo. Hoxe en día, o transporte marítimo de mercadorías representa un 90% do total, segundo datos da UNCTAD. O *short sea shipping* fórmase como a translación da economía de proximidade ao ámbito marítimo. A posición estratéxica do noso país podería ser aproveitada para converter os nosos portos en punto focal de comercio marítimo. Esta aposta esixe unha regulación centrada na precaución para evitar perigos innecesarios, mais podería supoñer o relanzamento de novas funcionalidades dos nosos portos e instalacións navais.

8. A industria das enerxías limpas ten sido relevante en Galicia. Actualmente, Vestas é un dos maiores produtores de solucións eólicas e está ameazada polo peche. Igualmente, T-Solar en Ourense era relevante no sector da produción de paneis solares. Trátase de empresas multinacionais que contaron e contan con subvencións públicas para se implantar no noso territorio e actualmente ameazan con deslocalizar a produción.

b. O sector forestal

Galicia conta con 2 millóns de hectáreas forestais, o 70% do seu territorio. Porén, un 30% desta superficie está desaproveitada. As condicións naturais permitirían que o noso país se convertese en potencia madeireira, mais o desleixo institucional e o control do sector por parte de entidades privadas sitúanos lonxe desa posibilidade. Actualmente, o sector só aporta o 3,5% do PIB nacional. En termos produtivos, o crecemento da masa forestal anual de Galicia é a máis alta de España e superior á doutras potencias madeireiras. A corta de madeira de Galicia representa o 50% de todo o estado.

No que respecta á distribución dos terreos galegos, o minifundismo imperante (cunha media de dúas hectáreas por propietario) e o desleixo de pequenas parcelas que non son traballadas e coidadas apropiadamente afectan negativamente ás capacidades do noso país. Destacan as potencialidades das 3.072 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. Outro elemento a destacar é a fixación na produción de especies de baixa calidade e pouco emprego en cadeas de alta transformación. Ademais, as cortas son moi reducidas. Isto entronca cunha industria transformadora anticuada, pouco innovadora e sen influencia na produción de produtos de alta calidade. Sendo Galicia responsable do 50% da corta de España, só é responsable dun 10% da industria madeireira.

A recentemente aprobada revisión do Plan Forestal de Galicia, 2021-2040 destaca pola falta de ambición, o mantemento da produción de madeira de baixa calidade e a defensa dun modelo privado que arruína os nosos montes e as poboacións que poderían vivir da súa explotación.

O sector forestal galego debe sosterse sobre tres piares fundamentais: (i) respecto ao medio ambiente, (ii) planificación baseada no crecemento sostible con emprego de calidade tanto no sector primario como na industria transformadora e (iii) impulso do aspecto cultural e lúdico dos nosos montes. A transformación esperada basearase nas seguintes medidas.

9. Deseño dun **plan estratéxico dirixido a converter a Galicia nunha potencia foresta e referente de dinamismo, xeración de riqueza sostible e respecto á biodiversidade**. Este plan terá como obxectivo esencial reducir ao máximo a superficie forestal desaproveitada, que hoxe está arredor das 600.000 hectáreas. Trátase de asegurar que a participación do sector forestal no PIB nacional suba do 3,5 de 2019 até un 10% nos vindeiros 25 anos.

10. Na liña do obxectivo anterior, **elaboración dun plan de identificación de superficies forestais abandonadas ou mal aproveitadas**, dirixido a declarar o abandono de terras e proceder á súa inclusión no Banco de Terras de Galicia. Este plan debe incluír a necesidade de revisar os rexistros de propiedade e información catastral, para actualizar e precisar a información sobre o emprego de terras en Galicia.

11. **Promoción e mellora da xestión das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común**, coordinando e, no seu caso, impondo as formas de explotación máis axeitadas.

12. **Potenciación de especies forestais de alta calidade**, asegurando a reestruturación da masa forestal aproveitando as potencialidades de especies frondosas (castiñeiro, carballo, nogueira...) e planificando a redución significativa da superficie colonizada polo eucalipto. Para isto, resulta indispensable implicar as CMVMC, as cooperativas forestais e o BANTEGA. Finalizada a corta das especies dominantes hoxe (con períodos de corta de entre 12 e 14 anos) deberá substituírse a especie por outra de madeira de alta calidade.



13. **Fortalecemento do sector de investigación e desenvolvemento no sector forestal**, coa participación do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, as Universidades do SUG, os centros tecnolóxicos existentes, o BANTEGA, as CMVMC e as cooperativas do sector, coordinadas pola Xunta de Galicia. A investigación e innovación debe cubrir todos os niveis da cadea de produción. A isto se engade a necesidade de capacitar profesionais do sector, dende enxeñeiros forestais até gardas forestais.

14. Para superar a escasa dimensión das unidades produtivas, tanto de obtención de materias primas como da industria transformadora, **promoverase a formación de cooperativas en todos os niveis da cadea produtiva**, asegurando axudas fiscais, apoio a través de subvencións e microcréditos e asistencia técnica e formativa.

c. O sector enerxético

O sector enerxético ten unha importancia capital no desenvolvemento de toda formación social. A actual crise do sector enerxético e as limitacións derivadas do control monopolista do sector son o perfecto exemplo da importancia do sector. Ademais, resulta fundamental ponderar as necesidades enerxéticas da economía galega coa necesidade de avanzar cara modelos respectuosos co medio ambiente.

15. Unha medida esencial é a **nacionalización das empresas hidroeléctricas en Galicia, creando unha Axencia Enerxética Galega** que restableza as prioridades do sector no país. Esta medida esixe o concurso do goberno estatal a partir da aplicación do artigo 128 CE. Unha alternativa a esta medida é a **non renovación das concesións** a empresas hidroeléctricas que caducan nos vindeiros anos, así como a revisión das recentes renovacións por parte do Ministerio de Medio Ambiente e Augas de Galicia.

16. A planificación do sistema enerxético galego ten que basearse en criterios coherentes e racionais, de respecto ao **mantemento do medio ambiente**. En concreto, o desenvolvemento de parques eólicos debe respectar este criterio, evitando a afectación de Parques Naturais e espazos da Rede Natura. Polo demais, cando tras a pertinente planificación se opte pola instalación destes parques, a mesma debe reverter nas poboacións afectadas a través da financiación do territorio con cargo aos beneficios da explotación enerxética. Resulta fundamental fomentar o aproveitamento de proximidade do sector enerxético, beneficiando á industria e a poboación afectada polas instalacións.

17. A soberanía enerxética debe fornecerse dunha **xestión pública e planificada dos recursos hídricos**. A auga cumpre unha dupla función esencial: ben de consumo fundamental e recurso enerxético valioso. O noso país conta cunhas reservas de auga doce destacables, mais os procesos de privatización da auga potable e as augas subterráneas dificultan un aproveitamento axeitado deste ben.

18. Galicia pode apostar polo **desenvolvemento de enerxía extraída da biomasa**, favorecendo un uso racional da superficie forestal e o aproveitamento dos residuos naturais. Esta fonte de enerxía axudaría tamén ao mantemento dos nosos montes, xerando efectos positivos en problemáticas como os incendios, a renovación das especies forestais e a dinamización do rural. É preciso combinar o emprego de biomasa natural (restos de limpeza de montes, madeira sen uso industrial...) co da biomasa residual (restos de procesos industriais madeireiros, residuos agrogandeiros, lixo urbano...). Ademais, a biomasa require unha utilización local, asegurando que a contorna dos lugares de produción se beneficien do seu aproveitamento. Será fundamental estudar as diferentes fontes de produción de biomasa para identificar aquelas que respecten en maior medida o medio ambiente.

O emprego de biomasa require un emprego extensivo do territorio, polo que será fundamental unha planificación na transición e combinación das diversas fontes renovábeis de enerxía.

d. Sector primario

O sector primario tiña en Galicia un peso destacado no pasado. En 1976 practicamente a metade da poboación activa galega estaba neste sector, duplicando as cifras do resto do estado. Actualmente este sector representa un 6,5% das persoas ocupadas. En termos de participación do PIB, as cifras de 2019 sinalaban que o sector primario aportaba un 5,7%. O peso histórico deste sector en Galicia tense reducido durante as últimas décadas e actualmente xa non define a realidade galega.

Nas últimas décadas, a agricultura continúa a crecer no respecto á produción (45,8% entre 1990 e 2019). Pese a isto, descende a renda do sector, fundamentalmente polos prezos dos consumos intermedios e os cambios na tecnoloxía produtiva. O sector sufriu un forte reaxuste da composición orgánica do capital. Xunto co aumento dos custos en medios de produción, o emprego descendeu de xeito radical. Nos mesmos anos citados, reduciuse nun 82,9%. O aumento da produtividade no sector obsérvase no feito de que a produción media por agricultor/a multiplicouse por 8,5. Ademais, a renda do sector, pese a ser máis baixa que a media, aproximouse de forma clara (dun 27,7% a un 72,8%).

Todo isto demostra que estamos ante un sector que pouco ou nada ten que ver coa descrición típica dos anos 60 ou 70. Por tanto, as análises políticas daqueles tempos teñen que ser adaptadas á nova realidade. Por desgraza, o PCG non ten desenvolvido un traballo sistemático neste eido, por falta de forzas e por desconexión cunha realidade que cada vez ten menos peso cuantitativo na economía galega.

19. Propoñemos que a explotación económica das Rías, como unha realidade estratéxica que é no desenvolvemento económico de Galicia, comprenda cada Ría e as súas concas fluviais como un conxunto inseparable, xa que a produtividade biolóxica depende da interacción de todos os elementos que o compoñen.

A data de hoxe as rías estanse a converter practicamente nun monocultivo centrado na acuicultura do mexillón, actividade que proporciona certo grao de riqueza para un bo número de familias, ao estar as concesións moi repartidas, aínda que se está a producir nos últimos anos unha tendencia á concentración das concesións e á creación dunha especie de burbulla, xa que ao permitir a Lei a súa venda, estas están a acadar prezos moi elevados.

Por outra banda, estase a notar de xeito importante o descenso da produtividade noutras especies, nomeadamente no marisqueo e na pesca artesanal, con un progresivo abandono de embarcacións de artes menores pola súa falla de rendibilidade, quedando un sector importante da poboación mariñeira en condicións de progresiva precariedade.

Ata a data, os aproveitamentos económicos das Rías están a ser regulados pola Lei 11/2018 de Pesca de Galicia que no seu título IX, trata do desenvolvemento sostible das zonas de pesca e paradoxicamente deixa sen contido o seu Capítulo I, nos artigos que regularían a creación da Axencia de Desenvolvemento Sostible das Zonas de Pesca, que podería ser un instrumento válido cara a creación de estudos que permitisen unha análise encamiñada a explotación das rías de xeito racional.

A Lei 6/2009, que modifica a anterior, crea o Comité Científico Galego da Pesca, definido como (sic): “El Comité Científico Gallego de la Pesca es un órgano colegiado, de consulta y asesoramiento científico y técnico de la Xunta de Galicia en los asuntos



relacionados con la gestión de los recursos naturales vivos de las aguas competencia de la Comunidad Autónoma de Galicia, así como con su transformación y comercialización.” Pero a data de hoxe non se teñen noticias da súa actividade ou posible grao de influencia nas decisións políticas no sector pesqueiro.

O Intecmar en Vilaxoán, e o CIMA en Vilanova de Arousa, son centros de investigación e control das dinámicas biolóxicas das rías que deberían ser fundamentais para a adopción de políticas encamiñadas a diminuír a influencia negativa dos efectos climáticos e antrópicos na biodiversidade.

Tamén se precisa de estudos que midan a incidencia na bioloxía mariña das actividades agrícolas, fundamentalmente a expansión da viticultura do albariño, nas marxes das rías.

e. Unha investigación dirixida a potenciar os nosos sectores estratéxicos

O campo da I+D en Galicia mantense historicamente nuns niveis baixos tanto en comparación coa realidade estatal como, sobre todo, en comparación coa realidade internacional. O investimento nesta parcela practicamente non crece dende 2008 e vai quedando afastado das cifras estatais e internacionais. Na ano 2019, Galicia investiu menos do 1% do PIB en I+D, por debaixo do 1,25 de media en España e lonxe da media da UE (2,2%). O estancamento da produtividade dificulta a comercialización de produtos galegos e, por tanto, afecta ao tecido produtivo do país. A UE establecera o obxectivo do 3% para 2020, cifra da que Galicia estaba lonxe no 2019.

20. O desenvolvemento da investigación deberá estar **sometido á planificación sectorial**, sempre dirixido ao obxectivo de fortalecer e desenvolver a produción interna. Será fundamental identificar os sectores prioritarios, tales como os novos materiais, a biotecnoloxía, os procesos de descarbonización e transición enerxética, a agricultura biolóxica e a explotación racional da riqueza forestal. Todo isto asegurando a protección do medio ambiente.

Os procesos de promoción da investigación e os avances tecnolóxicos deberán estar participados por todos os organismos e sectores implicados, incluíndo as PEMES.

21. As políticas de investigación deberán ter como obxectivo fundamental o **apoio ao tecido produtivo galego**, centrándose en sectores punteiros coma o industrial, o forestal ou os servizos e prestando apoio ás pequenas e medianas empresas. Resulta fundamental desenvolver un sector de investigación eficiente no que os avances cheguen a todos os eidos da produción do país.

22. Resulta esencial unha **suba planificada da inversión en I+D** que chegue a igualar a media española nun prazo de 10 anos e a acadar o obxectivo do 3% en quince anos.

23. As administración asumirán un **compromiso de mantemento das inversións en I+D**, dado que os resultados desta política se observan sempre a medio ou longo prazo.

24. Ademais, este proceso de inversión debe acompañarse dun seguimento das transformacións do uso da forza de traballo derivadas dos cambios tecnolóxicos nos medios de produción. Este seguimento permitirá a planificación da **formación da forza de traballo para adaptarse ás novas tecnoloxías**, evitando tanto a ausencia de traballadores e traballadoras nos sectores en desenvolvemento como o desemprego derivado da transformación dos medios de produción. O obxectivo é asegurar a adaptación da clase obreira ao novo escenario tecnolóxico sen prexuízos.

25. As políticas de investigación deberán **fixar como referente as cooperativas**. Resulta esencial desenvolver unha política de promoción de cooperativas que asegurará o mantemento de postos de traballo, a atención á produción local (sobre todo no eido agrícola e forestal) e o desenvolvemento das comarcas máis envellecidas. As relacións de apoio entre o sector financeiro público e a investigación pública poderán fortalecer estas novas formas produtivas.

26. As administracións públicas deberán **apoiar o incremento de persoal dedicado á investigación nas PEMES, así como asesorar no desenvolvemento de políticas de investigación e innovación**.

27. O sector da investigación non é alleo á emigración de traballadores e traballadoras de Galicia ao estranxeiro. Para fortalecer este sector será fundamental o **deseño dun plan de incorporación e recuperación de persoal cualificado** que poida incorporarse á planificación e á execución dos obxectivos establecidos para o ámbito.

28. **O sector educativo deberá estar involucrado no desenvolvemento da investigación dende todos os niveis**. Isto pode acadarse co desenvolvemento de políticas conscientes dirixidas a paliar algunhas das deficiencias educativas existentes:

- Resulta fundamental desenvolver un **plan para a redución do abandono escolar prematuro**. En Galicia o abandono no ano 2017 era superior ao obxectivo da UE (15 fronte a un 10%) aínda que inferior á media española. Isto esixe a dotación de cadros de persoal especializados que faciliten unha atención e orientación máis próxima ao alumnado que así o precise.
- **Fortalecemento da cualificación en adultos, co obxectivo de reducir a porcentaxe de asalariados/as e desempregados/as sen o título de ensino secundario obrigatorio**. Segundo COTEC os postos de traballo de baixa cualificación en España eran en 2016 o 30,5% do total, fronte a un 26.3% na UE e cifras como o 18,4% en Alemaña. Isto afecta a produción de mercancías de alto contido tecnolóxico (12% de España fronte a 27% en Alemaña). O fomento do ensino secundario para adultos/as debe ir acompañado da dotación de expertos/as de ensino a maiores e técnicos do sector.
- **Fomento da FP dual, que vira precedida dunha serie de medidas para evitar a súa corrupción**: remuneración asociada ao SMI ou convenio do sector, máis control por parte dos centros educativos oficiais en lugar de adaptar a formación ás necesidades da empresa, supresión do límite de idade para o acceso, redución do número de alumnos por titor, envío de información aos comités de empresa e correspondente seguimento das condicións laborais pola súa parte e control do respecto á lexislación laboral con sancións que cheguen até a expulsión daquelas empresas que incumpran esa lexislación.

29. Desenvolvemento da **formación continua**, garantida polos poderes públicos en lugar de ser dependente dos intereses empresariais conxunturais. A formación continua deberá ser gratuíta e contabilizada como horas de traballo.

30. **Deseño específico de formación para aquelas comarcas cun forte déficit demográfico e necesitadas de políticas activas**.

f. Un sector financeiro ao servizo dos sectores produtivos

Dende os anos 80 do século XX, a economía mundial está sometida a un proceso de 'financiarización' marcado pola concentración do capital financeiro e a crecente submisión da economía produtiva ao sector financeiro. No contexto galego, o crecemento do dominio financeiro está intimamente relacionado coa transformación das caixas de aforros. Estas entidades representaban en 2008 o 49% dos depósitos totais



do sistema bancario. Tras un proceso de saneamento sustentado en fondos públicos, as caixas de aforro convertéronse en bancos. Este proceso rematou cunha maior concentración: de 2008 a 2013, as cinco entidades bancarias máis grandes pasaron de controlar o 40% do sector a controlar o 60%. O proceso de saneamento e concentración afectou negativamente a economía: aumentou a débeda pública, reduciuse drasticamente o emprego no sector (54.000 empregos perdidos), dificultouse o acceso a crédito e desapareceu a 'obra social' das caixas.

31. Na perspectiva de fortalecer a economía produtiva, resulta fundamental a defensa dunha **banca pública dirixida aos seguintes obxectivos**: (i) desenvolvemento de **inversións produtivas** e dinamización do tecido produtivo e os sectores clave da economía galega, (ii) promoción da innovación de **PEMES** e apoios a sectores en crise, promoción das **cooperativas**, e financiamento das **familias**. O modelo de banca pública ven avalado incluso polos propios mecanismos de revisión das institucións capitalistas: os tres bancos máis solventes da UE son bancos públicos ou semipúblicos e acostuman contar cunha proporción capital/activos moi superior á banca privada.

Polo que respecta á dinamización dos sectores clave da economía galega, a banca pública someterase á planificación económica das institucións democráticas, potenciando aqueles sectores indicados polos efectos positivos no benestar dos e das traballadoras. A inversión resulta fundamental nun contexto de mudanza tecnolóxica como a actual, de aí que se dedique un apartado á innovación e desenvolvemento. As necesidades de renovación do capital fixo das empresas deberán enfrontarse con créditos públicos que aseguren a permanencia no territorio. Xunto coa promoción dun sector industrial público, esta proposta virá a fortalecer o tecido produtivo galego e evitar as políticas especulativas de desmantelamento de empresas, iniciadas dende a privatización industrial.

No relativo ás PEME, este tipo de empresas enfrontan un trato desigual no acceso ao financiamento e a carga fiscal. Este tipo de empresas xa cargan con dificultades derivadas da economía de escala, mais segundo datos do BCE (2013) tamén reciben xuros con niveles que duplican o das grandes empresas. A carga impositiva das PEME é tamén superior á das grandes empresas, acollidas a esquemas fiscais especiais e con acceso a investimento en I+D+i e para a transformación ecolóxica. Este tipo de incentivos non son máis que un financiamento público encuberto das grandes empresas privadas. Nesta política cabe incluír os fondos Next Generation Galicia, que ben merecerían un estudo detallado.

Polo que respecta ao funcionamento da banca pública, a característica central é o sometemento á política económica deseñada polas institucións democráticas galegas. Esta banca pública ten que sustentarse no dominio da economía produtiva, a desaparición das accións especulativas (fortalecendo a distinción coa banca comercial) e a xestión profesional. A entidade pública estaría inscrita como Institución Financeira e Monetaria, podendo participar no mercado interbancario e financiada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia. Nun futuro podería chegar a captar depósitos e competir coa banca privada, mais a prioridade sería a de canalizar a inversión pública aos sectores determinados democraticamente.

32. Unha das fontes esenciais para a creación da banca pública é a **recuperación dos rescates ao sector financeiro proporcionados tras a crise de 2008, cos intereses correspondentes**. A súa constitución podería basearse ademais en orzamentos anuais da Comunidade Autónoma, apoiándose na tesourería de Consellerías, entes locais e Deputacións, con emisión de débeda pública autonómica avalada polo goberno central, con transferencias de fondos da UE (FEDER, FSE, etc.) e con fondos do Banco Europeo

de Inversións. Esta entidade podería funcionar como canalizadora de fondos dalgunhas das institucións mencionadas.

33. En xeral, o sistema financeiro público deberá descansar sobre dúas premisas. Primeiro, as empresas do sector público terán prioridade na obtención de recursos, de xeito que os aspectos financeiro e produtivo do sector público estean fortemente entrelazados. Por outra banda, toda axuda recibida por empresas privadas deberá estar sometida a un réxime de devolución protexido por aval bancario, sobre todo en caso de liquidación da empresa, traslado ou redución do cadro de persoal.

III. A FORZA DE TRABALLO EN GALICIA

a. Facer fronte á desertización demográfica e a baixada da poboación activa

O problema da desertización demográfica de Galicia persiste durante as décadas e son varias as causas que o provocan. Entre elas destacan a baixa natalidade, o éxodo de poboación e a propia emigración interior. No relativo á baixa natalidade, esta está en 1,12 crianzas por nai (ou 6,81 nacementos por cada mil habitantes). Sendo que a taxa de mortalidade é de 11,81 falecementos por cada mil habitantes, o descenso de poboación é alarmante: en 2019 o saldo entre nacementos e falecementos foi de -15.391 persoas. O envellecemento da poboación galega tamén é destacable: actualmente o 20% dos e das habitantes superan os 65 anos.

O problema migratorio de Galicia existe dende hai máis dun século. Dende 1880 a 1930 foron 400.000 persoas as que emigraron de Galicia. Entre 1950 e 1975 a cifra é similar: 450.000 emigrantes. Como dato revelador, a poboación galega de 2017 é tan só un 30% superior á de 1900 (en España o aumento supera o 150%). A emigración galega é síntoma da decadencia económica e social dun país incapaz de ofrecer un futuro as súas xeracións. Ademais, afecta negativamente ao desenvolvemento, por supoñer a fuxida das xeracións máis novas que deberan fortalecer a forza de traballo do país. Certo é que nos últimos anos o saldo migratorio é positivo, principalmente pola chegada de poboación latinoamericana. Porén, as cifras de emigrantes seguen a ser preocupantes: 497.870 dende 2002 a 2019. Parte desta dinámica vén explicada pola incapacidade do capitalismo galego de xerar unha demanda de emprego proporcional á taxa de crecemento da forza de traballo ou incluso de xerala por enriba da media do entorno.

Resulta fundamental tamén indicar brevemente as dinámicas de emigración interna que amosan un desenvolvemento desigual da economía galega. A Galicia costeira e sobre todo da costa atlántica concentra a maioría da poboación grazas a existencia de mellores niveis salariais, infraestruturas, oferta educativa, sanitaria e cultural ou mellor calidade de vida. As provincias de Lugo e Ourense, xunto coa bisbarra da Costa da Morte, destacan como espazos de éxodo de poboación. As provincias de Pontevedra e Coruña aumentaron poboación nos últimos 45 anos mentres Lugo e Ourense perderon unha grande cantidade de habitantes. Dentro das provincias de Lugo e Ourense as dinámicas de concentración de poboación son similares: na primeira, só as comarcas de Lugo (pola súa condición de capital provincial e carácter urbano) e Mariña central (pola industria do aluminio) teñen lixeiros aumentos de poboación. No caso das comarcas da costa atlántica a situación é similar. Na Coruña só as comarcas da Coruña e Santiago aumentan a poboación. No resto existen descensos pronunciados como o de Ferrol (consecuencia da desindustrialización), Ortegal e Bergantiños.



De continuar polo mesmo camiño a situación non irá mellor: o IGE predí un descenso do 6,6% da poboación nos vindeiros 15 anos e descensos de incluso o 25% nas comarcas máis afectadas.

Dende o punto de vista laboral, a desertización demográfica ten un efecto negativo. Pese as subas do PIB de Galicia dende 2014, a poboación activa continúa a baixar. Esta situación é preocupante no sector máis novo da poboación: en 2019 houbo 66.000 traballadores e traballadores menos de entre 25 e 34 anos. As causas deste descenso son fundamentalmente a reducida taxa de natalidade e a emigración da mocidade galega. No último caso, a maioría dos e das mozas emigradas en Galicia teñen niveis formativos superiores á media. O 41% das persoas paradas en Galicia non acadaron un título de ensino obrigatorio, polo que as necesidades educativas son fundamentais neste sentido. A situación xeral explica tamén os baixos niveis de pensións (un 16,4% inferior á media estatal).

Outros puntos deste documento xa teñen recollido efectos doutras medidas na loita contra o descenso demográfico (e.g., fomento das cooperativas (X), axudas fiscais (X), rehabilitación e promoción de vivendas (X), etc.). Porén, dada a importancia deste obxectivo para Galicia, resulta pertinente sinalar con detalle as medidas dirixidas a acadalo.

34. Resulta fundamental sinalar o vínculo entre descenso demográfico e falta de oportunidades económicas. Por tanto, unha das medidas esenciais será **fomentar actividades produtivas nas comarcas afectadas pola desertización demográfica**. Para isto serán necesarios plans específicos que teñan en consideración as capacidades endóxeas das comarcas e se adapten ás potencialidades existentes. As propostas de desenvolvemento de sectores produtivos sinaladas no apartado correspondente deberán ter a vista posta en dar prioridade ao desenvolvemento dos sectores nestas comarcas.

35. Co obxectivo de potenciar o sector agrícola destas comarcas, é fundamental **potenciar e revitalizar o banco de terras**, poñendo a disposición da nova poboación terras abandonadas que non están a ser empregadas. Estes bancos de terras deben contar coa asistencia técnica e profesional necesaria para facilitar e potenciar a súa explotación.

36. Co obxectivo de incrementar a taxa de natalidade deberán desenvolverse **axudas ás familias por cada descendente**, aumentando progresivamente en atención ao número de crianzas. Por outra banda, promoveranse escolas infantís, públicas e gratuítas, para favorecer a conciliación laboral e familiar.

37. Dentro das políticas de fortalecemento da oferta educativa, cultural, etc., resulta esencial o **fortalecemento da asistencia sanitaria pública**, a través dun mapa sanitario especificamente deseñado para estas zonas.

b. Vivenda e condicións de vida e traballo da clase obreira en Galicia

Segundo EAPN-Galicia, o noso país sofre unha situación especialmente problemática no eido da vivenda en comparación co resto de España. Antes da pandemia xa estabamos á cabeza en poboación afectada por carencias relacionadas coa vivenda, superando en máis de 10 puntos porcentuais a media española. Galicia conta con 3534 vivendas no seu parque público, tres veces menos que a media estatal en 30 menos que no ámbito europeo.



38. Fortalecemento do **parque inmobiliario de titularidade pública dirixida a alugueiro**, xestionado polos municipios e coa axuda estratéxica da Banca Pública Galega e a Xunta de Galicia. Deberá identificarse un prezo máximo de 15% do SMI.

Este parque inmobiliario terá ademais unha segunda función no rural, tratando de atraer poboación a través da oferta de vivenda a prezos axeitados.

39. O crecemento do parque inmobiliario de titularidade pública deberá iniciarse coa **transferencia a titularidade pública de todas as vivendas en mans da SAREB**.